

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO OURENSÁN DE MONTEVIDEO PARA A ACTUACIÓN URGENTE NO TEITO DA SEDE SOCIAL

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Ourensán de Montevideo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 22 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a actuación urgente no teito da sede social do Centro Ourensán de Montevideo que impermeabilice as dependencias onde está depositada a biblioteca da extinta Casa de Galicia de Montevideo.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Centro Ourensán de Montevideo é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1958 e inscrita no Rexistro da Galeguidade como centro colaborador da galeguidade, e ten entre os seus obxectivos ser punto de reunión dos galegos, compartir a cultura galega e colaborar coas persoas compatriotas.

A entidade conta cun inmovble en propiedade situado na rúa Ana Monterroso de Lavalleja, 2010-2014, 11200 Montevideo (Uruguai), no que ten establecida a súa sede social, e no que actualmente acolle a Casa de Galicia centro histórico-cultural, entidade herdeira da extinta Casa de Galicia de Montevideo.

Entre o patrimonio custodiado no inmovble atópase a biblioteca da antiga Casa de Galicia, de gran valor sentimental e histórico para a poboación galega do Uruguai, que corre perigo de verse danada porque as dependencias nas que está depositada están cubertas unicamente por unha lona, motivo polo que resulta urgente dotalas dun teito impermeable.



A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrência pública.

A importancia desta entidade e do legado que acolle para a colectividade galega que reside en Uruguai xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao abeiro do disposto no citado artigo 19.4 c) da Lei 9/2007.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de dez mil cincocentos euros (10.500 €) para financiar as accións recollidas no convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

Antonio Rodríguez Miranda

